

## Y nun deixarte nas súas maos...



↓ M<sup>a</sup> José Fraga

... al menos, que fose eu quen te matase.

Xuntos fomos medrando y aprendéndonos. Descubrimos os sois, os olores, os rincóis. Tías más vida qu'eu, pro pode dicirse que maduramos a un tempo, y eu fun ganándoye el tarrén nel que pisaba a túa mocedá que me deixou galdido.

Nel tou peleyo sempre atopéi aveiro, pollos tous oyos aprendín a mirar más llonxe. Xuntos vivimos os veraos aqueles, axeitaos, tan curtios despós das xeladas del inverno. Os dous trembamos nas noites de nordés, como as foyas arenosas da figueira.

Recorrínte toda, dibuxéite tantas veces d'arriba a embaxo condo, enfadao col mundo, nun quería salir de ti... Y nun m'importaron os cuidaos que necesitabas, ganácheme col tou llinguaxe sin palabras que naide más ouguía.

Despós tuven qu'irme. Nun sabía que, tan llonxe como fose, iba seguir sintíndote alentar. Chamábasme, chamábasme nas horas pouco certas da tardía, asomada al pueblo dende a galería y os balcóis.

Agora, llargadas xa as nosas amarras de nenos que gruman, queren fernos achos encoiros d'un tempo sólo noso; querenme fradar, pro nun tou conforme: naide como eu pr'amo del tou ser. Porque ellos, os que chegaron de fora, nin saben ller en ti nin conocen a túa hestoria.

Pro xa ta, téñolo acordao: al menos, que seña eu el que te mate pra nun deixarte nas ayías maos dos enemigos.

.....

Vai abrazando el fougo, pouco a pouco, el cuarto unde nacín, el llargor del pasillo. Galopando escaleiras, volvéndoye á terra os castañeiros llabraos en serras y garlopas, os colchóis de lla, os recordos todos, as palabras cuas que vou pintando a nosa última imaxe, daguerrotipo cardoxo de cinza impreso na pedra y el peleyo, retrato d'un home cua súa casa.